

As limitacións da taxa de reposición de efectivos, impostas polo acordo subscrito entre os sindicatos estatais e o goberno do PP no ano 2018, impide unha Oferta de Emprego Público que dea resposta as necesidades reais de persoal que demandan os Organismos da Administración Xeral do Estado

A negociación da Oferta de Emprego Público para o ano 2020 pechouse sen acordo; a proposta feita por parte de Función Pública, aínda que nos límites do permitido pola Lei de Orzamentos do 2018 (vixente na actualidade consecuencia das prórrogas para os anos 2019 e 2020), non acada un número suficiente de postos a convocar que permita atender as necesidades de persoal que demandan os distintos Organismos da Administración Xeral do Estado para atender a xestión das competencias que teñen encomendadas.

	Acceso Libre	Promoción Interna
A1	1.754	600
A2	2.275	2.051
C1	3.060	3.712
C2	690	1.500
Personal laboral Convenio Único	1.271	1.096
Otro Personal laboral	220	37
TOTAL	9.270	8.996

Outro dos problemas que presenta a distribución de postos que se propón, é o **desequilibrio respecto da perda de efectivos en cada grupo profesional, comparado cos postos que se inclúen na convocatoria de oferta**; tanto no que atinxe ao persoal laboral como a funcionario: Nos grupos C1 e C2 hai un total de 3.886 baixas mentres que as prazas previstas para novo ingreso son 3.750; pola contra, nos grupos A1 e A2 houbo un total de 1.535 baixas e unha previsión de 3.829 prazas para novos ingresos. No persoal laboral do Convenio Único, as baixas foron de 2.064 e as altas previstas son 1.271.

A **CIG non compartimos este modelo que fortalece a Dirección e Control, deixando sen cubrir as necesidades de atención directa ao cidadán a mais da xestión de prestacións**, cunha deriva aos servizos de atención telemática; quedando estes servizos expostos a externalizacións e privatizacións.

En canto ao número de prazas ofertadas para novo ingreso, subliñar que supera en máis de 1.200 ao número de efectivos que se perderon durante o ano 2019; aínda así resulta a todas luces **insuficiente para atender as necesidades dunha administración que leva perdidos mais de 40.000 postos nos últimos 10 anos**; e que require dun diagnóstico que garanta unha cobertura real das vacantes necesarias para atender a xestión que ten encomendada; circunstancia que, ao noso entender, non se dá con esta convocatoria.

Outras das eivas que ten a proposta, é a **imposibilidade de coñecer a distribución das prazas entre os distintos Corpos e Escalas da Administración Xeral do Estado, nin a súa distribución xeográfica**. Especialmente naqueles ámbitos que sofren unha maior afectación polo número de efectivos perdidos, e pola elevada media de idade do persoal que agora está a prestar servizo. Nomeadamente chamamos a atención de organismos como **Institucións Penitenciarias, Axencia Tributaria, Servicio Público de Emprego Estatal, Seguridade Social e aqueles outros Organismos que teñen unidades de atención directa ao Público**; nos que estase a dar unha problemática específica consecuencia da situación provocada pola Pandemia, que veu a agravar as necesidades estruturais que xa se viñan producindo con anterioridade; e que consideramos deben ser atendidas de xeito específico e extraordinario. Non serve con contratar persoal interino mediante contratos programa, e moito menos facer contratos con empresas externas (sexan públicas ou privadas) para atender estas necesidades de xestión.

O feito de que o número de postos ofertados en promoción interna supere os das ofertas de anos anteriores, non quere dicir que sexa un incremento real; xa que, en moitas das convocatorias que se están a facer (tanto a corpos xerais como específicos), temos comprobado como unha parte importante destas prazas non se cobren; ao ser inferior o número de persoas que superan os procesos selectivos ao de prazas ofertadas.

Dende a **CIG** tamén demandamos un **compromiso para a que os procesos selectivos se desenvolvesen con criterios que evitasen a obriga de que o persoal que participe neles teñan que desprazarse a cidade de Madrid**, deslocalizando as probas ou utilizando medios telemáticos que eviten estes desprazamentos.

Tendo en conta que a proposta da Administración non atende as demandas da CIG; non consideramos oportuna das a nosa aprobación a esta proposta. **Como alternativa propuxemos completar esta oferta ordinaria, cunha oferta extraordinaria dirixida a atender as necesidades de persoal daqueles organismos que teñen competencia en xestión de prestacións e naqueles outros que fan atención directa ao público**.

Galiza, outubro de 2020